



ANUNCIO

NOMEAMENTO DO POSTO DE XERENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

En relación ao procedemento de selección para a provisión do posto de xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, a Presidencia do Consorcio adoptou, con data 8 de xaneiro do 2018 a seguinte resolución:

“Celebrado o procedemento selectivo para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, cuxas bases fixéronse públicas no B.O.P. de Lugo número 222 de data 26 de setembro de 2016 e no B.O.P. de Lugo número 225 de data 29 de setembro de 2016 (corrección de erros)

Vista a proposta de contratación do Tribunal de Selección nomeado para levar a cabo as probas selectivas; Visto que a aspirante proposto presentou ou figura no seu expediente persoal a documentación a que se refire o punto 10 das bases que rexen esta convocatoria, cumprindo por tanto os requisitos esixidos no artigo 56 da Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Visto que de conformidade co previsto no artigo 18 dos Estatutos do Consorcio a persoa titular da xerencia terá a consideración de persoal funcionario ou laboral de alta dirección de acordo co establecido no artigo 104 da Lei 7/1985, de bases de réxime local e demais normativa de función pública.

Visto o punto 11 das bases da convocatoria onde se sinala que:

“Ao abeiro do artigo 14 do Consorcio o nomeamento e a formalización do contrato co candidato/a proposto/a polo tribunal correspóndelle á Presidencia do Consorcio.

A actividade a desenvolver como persoal directivo estará suxeita a avaliación conforme aos criterios de eficacia e eficiencia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle sexan marcados e co cumprimento das funcións que lle corresponden.

O aspirante nomeado queda sometido ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente

O aspirante nomeado poderá ser removido libremente do seu posto por decisión do órgano competente e, polo tanto, a duración do contrato corresponderase co tempo que transcorra ata o seu cese polo órgano competente”

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos, en uso das facultades que me confire o artigo 14 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e de acordo co punto 11 das bases da convocatoria , RESOLVO:



PERSOAL LABORAL

1. Nomear a Dna. Marta María Rouco Seoane, para ocupar o posto de Xerente do Consorcio Provincial De Lugo para Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, ao superar todas as fases do proceso e obter a maior cualificación final, baixo a modalidade contrato laboral de carácter especial de alta dirección ao amparo do previsto no Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección, correspondéndolle percibir as retribucións reguladas no Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento vixente.

A data prevista para a formalización do correspondente contrato laboral será o 15 de xaneiro do 2018, comezando a prestar servizos nesa mesma data.

2. Ordear a publicación da presente resolución no BOP de Lugo e na páxina web do Consorcio Provincial De Lugo para Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer:

- Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- Recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

No caso de interpoñer recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso – administrativo, será de dous meses desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, se fose expresa, ou de seis meses desde a súa desestimación tácita, que se producirá no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

- Todo elo sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente

Lugo, 9 de xaneiro do 2018, O Secretario- Interventor, Jose Antonio Mourelle Cillero.